



Carmela berrou con Chinto
na carballeira de abaixo.
Porque lle picaba un toxo
que levaba no refaixo.

Dáme Carmela,
un bico pequeno
xa non cho dou Farruquiño
teñoche medo.

Téñoche medo
xa non cho quero,
dáme Carmela
un bico pequeno.

Paxariños que andades voando
polas follas dos loureiros
e subides polos aveneiros
a busca a raíña do sol.

Heite de mandar á merda
e á merda has de ir
cun saquiño na cabeza
como quen que vas pedir.

Pasei pola túa porta
e toquei no tarabelo
túa nai como era mala
encirroume o can rabelo.

Telos tirantes de Codeso
telos tirantes de Codeso
querías andar ás mozas
inda non vales pa eso.

Anduvécheste alabando
que me habías de deixar.
Aghora deixei eu,
corre ben vaite alabar.

Eu cantar cantaba ben
a ghracia non era moita
quedoume no lavadoiro
cando fun lavar a roupa.